<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
6	SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN. VISTAS E PERSPECTIVA ISOMÉTRICA.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Visualizar exemplos de perspectiva na arte no xénero da pintura, e saber reconcelos, ao longo da historia, afondando nas técnicas empregadas.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Indagar e facer un pequeno resumen acerca das salidas profesionais que pode aportar o coñecemento dos sistemas de representación.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Visualizar exemplos de perspectiva na arte no xénero da pintura, ao longo da historia, e entender as diferencias.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Facer un proxecto que reflicte coñecementos adquiridos en : vistas de pezas elementais e a súa representación tamén en perspectiva isométrica. Basar o proxecto en pezas de deseño propio, no sin antes haber esgotado unha batería preparatoria de exercicios.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber explicar o proceso de creación do deseño de pezas expuesto anteriormente de forma oral, valiéndose dos distintos bocetos empregados durante o proceso creativo.	TI	90
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Facer crítica constructiva do traballo final dalguns compañeiros.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Facer crítica constructiva do traballo dalguns compañeiros, nalgunas partes do proceso, nas que se empregaron técnicas "no definitivas".		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

4.1. Concrecións metodolóxicas

a) Aspectos xerais sobre a metodoloxía aplicada no Area de Plástica

. Fomentar a realización de traballos prácticos:

Intentarase que as clases teóricas sexan reducidas, aínda que de vital importancia. Faise necesario un axuste de contidos teóricos exhaustivo, tanto na selección de conceptos como na temporalización.

Inténtase favorecer deste modo o perfil de "alumno artista".

. Favorecer a Inclusión:

Favorecer a inclusión en todos os campos posibles.

. Desmitificar a idea de que " só uns poucos valen para a expresión plástica ":

Deberá quedar claro que o concepto de arte na actualidade abre as súas portas a todo aquel que o desexe.

. Reducir a achega de fotocopias:

O obxectivo é fomentar a "competencia lingüística" e a "competencia: aprender a aprender", dado que o alumno se verá implicado en maior medida a atender en clase a tomar nota do que se está a explicar.

. Procurar unha metodoloxía aberta e flexible:

Tal e como xa se comentaba para a autoavaliación da programación, é fundamental saber, mediante o diálogo, en que falla " ou non" o método de traballo.

Dar marcha atrás ou modificar sempre é positivo en caso de necesidade.

. Procurar clima de orde e disciplina:

Que o propio método sexa un exemplo. Isto implica: ordear a información, utilizar correctamente elementos gráficos de forma pedagóxica á hora de impartir clase (xices de cores para distintos trazos en xeometría, numeración correcta de apartados, carteis presentes en todo momento para visualizar conceptos...), puntualidade, cumprimento de propostas formuladas con anterioridade...

. Fomentar a participación do alumnado:

Este debe de ser consciente de que "dubidar e preguntar" non é vergonzoso, senón todo o contrario; convérteos en alumnos máis atentos e reflexivos.

. Crear un clima de respecto, dando de novo exemplo:

Tratar con respecto ao alumno resulta fundamental desde un punto de vista ético e pedagógico.

b) Aspectos específicos da metodoloxía, para alumnos coa materia pendente

. Alumnos coa materia de Plástica PENDENTE, que non teñen contacto coa materia por atoparse nun curso no que "non hai plástica como asignatura":

Posto que os alumnos de 2º Eso non teñen Educación Plástica e Visual, nin tampouco os alumnos de 4º Eso que non a elixiron como optativa, faise necesario citalos nalgún recreo predeterminado.

Dado que, por experiencia, a implicación dos alumnos durante os recreos é escasa ou nula, extremarase o control destes, comunicándose directamente coas familias, e coa axuda de: Titores e Xefe de Estudos.

Así mesmo, intentarase obter por escrito a aceptación por parte da familia deste plan de traballo, dándolle un carácter de "obrigatoriedade" que doutro xeito non tería. Quedarán informados, non soamente da materia Pendente, senón tamén dos traballos que deben ser presentados, das datas das probas, e dos días nos que serán atendidos para supervisar traballos e resolver dúbidas.

En xeral, o traballo realizarase na casa, pudiendo considerar a necesidade de traballo na aula (recreos de apoio) se fose necesario.

. Alumnos coa materia pendente de Plástica que si teñen a materia de Educación Plástica e Visual durante o presente curso:

Nestes casos, o control da recuperación da materia pendente realizarase dentro da aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación	
1.	Presentación de esquemas conceptuais ou visións panorámicas, coa fin de relacionar os diferentes contidos entre si.
2.	Utilización de material funxible (cartón, pintura, cola, madeira...) achegando polo propio departamento.
3.	Banco de libros, prestado polo departamento de Plástica, como libro de texto sobre o que se baseará a
4.	Utilización da "lousa e xiz" convencionais, por petición propia dos alumnos na materia de Plástica de Vedra.
5.	Utilización do canón proxector da aula.

6.	Utilización da cámara reflex dixital.
7.	Utilización dos ordenadores Edisgal, cos que podemos promover a investigación e o tratamento da imaxe
8.	Informacións complementarias nas marxes das páxinas correspondentes como aclaración ou información suplementaria.
9.	Propostas de diversos tratamentos didáticos: realización de resumos ,esquemas ,síntese ,redaccións , debates ,traballos de simulación, etc., que nos axudan a que os alumnos e alumnas podan captar o coñecemento de diversas formas.
10.	Materiais complementarios, que permiten atender á diversidade.

A selección de materiais faise atendendo á experiencia do curso anterior.
Farase ao final do curso un cuestionario sobre dito tema, que xera novas directrices para o curso seguinte.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha proba teórico-práctica que se baseará en preguntas teóricas relacionadas cos contidos da área que os alumnos deben manexar para o correcto funcionamento do curso que se inicia. Estes contidos deben pertencer a cursos anteriores, e nalgúns contidos do curso que val comezar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	14	14	14	30	100
Proba escrita	0	30	0	0	25	10	11
Táboa de indicadores	100	70	100	100	75	90	89

Criterios de cualificación:

a) CUALIFICACIÓN DA MATERIA POR TRIMESTRES

-Farase a MEDIA PONDERADA de TRABALLOS e CONTROIS, cada un deles cun valor específico.

.Contémplase a posibilidade de suspender controis previstos, ou de facer controis non previstos, dependendo do rendemento do alumnado.

.O peso dos controis non poderá superar o 20% do total da cualificación do trimestre.

-Á media ponderada obtida en calquera 3 trimestres, haberá que restar:

. Negativos por FALTAS DE DEBERES: de 0,15 a 0,30

. Negativos por FALTA MATERIAL: de 0,15 a 0,30

. Non ter negativos supoñerá un PLUS de 0,20 sobre a cualificación obtida na media ponderada do trimestre.

-Teranse en conta, ao longo do curso, as seguintes pautas sobre como se cualifican os traballos:

. Cada traballo ten unha porcentaxe específica nesa porcentaxe global/trimestral

. Os traballos entregados FÓRA DE PRAZO non manterán a súa nota íntegra, senón que pasarán a cualificar A METADE.

b) CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA :

Farase a MEDIA ARITMÉTICA DOS TRES TRIMESTRES.

Criterios de recuperación:

- a) Cada trimestre tendrá a súa RECUPERACIÓN CORRESPONDENTE.
- b) Nas PROBAS DE RECUPERACIÓN DE CADA TRIMESTRE (que serán na seguinte avaliación , no caso do trimestre 1 e 2, e na mesma avaliación, no caso do trimestre 3), haberá:
 - .Unha recollida de TRABALLOS non superados
 - .Un CONTROL (si se o houberse no trimestre correspondente)
 - E unha NOVA MEDIA cas mesmas proporcions citadas no apartado de "cualificacións da materia por trimestre"
- c) Si dita media non fora suficiente, na última semana de xuño antes das sesións de avaliación, poderase optar de nuevo a recuperar algunha parte que non fora superada nas recuperacions.
Cas MELLORAS obtidas en dita semana, farase unha NOVA MEDIA ARITMÉTICA DOS TRES TRIMESTRES, xa definitiva.
De non alcanzar o 5 sobre 10, o alumno/a quedará ca MATERIA PENDENTE para o curso seguinte.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1) SISTEMA DE CUALIFICACIÓN POR TRIMESTRE:

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Entregaranse EXERCICIOS DE REFUERZO aos alumnos/as, centrados na revisión dos contidos do EXAMEN do SEGUNDO TRIMESTRE.

Notas a ter en conta:

- Estes exercicios pódense entregar antes da data límite, para revisión, resolución de dúbidas e posible repetición dos mesmos, o que resulta moi aconsellable.
- Cando así o desexen, os alumnos poderán recibir axuda nalgún recreo, concertado ca profesora. Tamén poderán recibir orientación os pais interesados concertando cita previa na tutoría de familias.
- Ningunha cualificación sobre a materia de Pendentes en Plástica aparecerá reflexada ata o segundo trimestre.

SEGUNDA AVALIACIÓN

- A) Presentación dos EXERCICIOS DE REFORZO entregados ao alumnado de pendentes no primeiro trimestre.
- B) Presentación DA CARPETA, COS TRABAJOS ESPECÍFICOS PARA CADA ALUMNO QUE DEBEN SER RECUPERADOS
- C) REALIZACIÓN DUN EXAMEN, COS CONTIDOS MÍNIMOS DA MATERIA.

Notas a ter en conta:

- Cada alumno/a ten a súa situación específica e pode quedar exento dalgunha das partes por habela superado no curso anterior; nese caso, manterase a nota obtida xa no seu momento.
- Se o alumno/a supera todo o que lle corresponde nesta proba , non necesitaría presentarse ás probas do terceiro trimestre, e a MATERIA DE PLÁSTICA PENDENTE XA ESTARÍA SUPERADA.

TERCEIRA AVALIACIÓN / FINAL

Segunda oportunidade para o "non superado no segundo trimestre".

Repetición das partes : A) B) E C) (só co que corresponda a cada alumno)

2) SISTEMA DE CUALIFICACIÓN PARA A NOTA MEDIA FINAL:

PARTE A: EXERCICIOS DE REFORZO (10%)

PARTE B: NOTA MEDIA DOS TRABALLOS DA CARPETA (50%)

PARTE C: 40% EXAMEN

Será necesario obter como mínimo a cualificación de 5 sobre 10 en B) e C)

3) CADRO RESUMO/ FECHAS PARA PROBAS DE PENDENTES NA MATERIA DE PLÁSTICA:

NON HAY ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE DE 1ºESO ESTE ANO.

6. Medidas de atención á diversidade

CONCEPTOS XERAIS:

Os intereses dos alumnos, a súa motivación, e mesmo, as súas aptitudes, diferéncianse progresivamente ao longo desta etapa. Cada alumno e alumna posúe unha serie de peculiaridades que o diferencia do resto dos seus compañeiros, polo tanto non todos eles van aprender ao mesmo ritmo, ou van ter as mesmas capacidades e intereses. A educación debe permitir e facilitar desenvolvementos educativos distintos, que se correspondan con eses intereses e aptitudes. O obxectivo último desta opción educativa é conseguir que o alumno ou alumna alcance os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obteña o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Polo tanto, a educación organizarase atendendo á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria.

Entre as medidas propostas contemplaránse as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a oferta de materias optativas, programas de reforzo, e programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Alumnos coa materia pendente de Plástica que si teñen a materia de Educación Plástica e Visual durante o presente curso:

Nestes casos, o control da recuperación da materia pendente realizarase dentro da aula.

1) Avaliación da Diversidade na aula

Un dos obxectivos principais para ofrecer un ensino de calidade é coñecer a propia realidade dos alumnos, o seu ámbito e as súas propias capacidades, aspiracións e intereses. Neste apartado do Proxecto Curricular o equipo de profesores do centro reflexionará sobre as características máis relevantes dos seus alumnos, deducindo cales son as súas necesidades formativas e valorará o tipo de atención que vai ofrecer, tendo en conta os recursos humanos e materiais de que dispoñen. Algunhas das cuestións que se poden ter en conta nesta análise son:

-En relación coas características dos alumnos:

Historial académico dos alumnos.

Ámbito social, cultural e familiar.

Os seus intereses e motivacións.

Dificultades máis frecuentes no grupo, alumnos con dificultades específicas.

Aspectos educativos que convirá priorizar.

-En relación coa organización dos recursos humanos:

Profesores especialistas dispoñibles.

Horario de adicación.

Outros profesionais, internos ou externos, que podan colaborar.

-En relación coa organización dos recursos materiais:

Requisitos mínimos de espazos e instalacións.

Recursos materiais do centro e do ámbito que poden resultar útiles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

2) Vías específicas de atención á diversidade

-Materias optativas

Teñen como finalidade flexibilizar e adaptar o currículo ás diversas necesidades e intereses do alumnado. No conxunto dos tres primeiros cursos os alumnos poderán elixir algunha materia optativa, e no cuarto curso, unha ou máis materias optativas de acordo co marco establecido polas administracións educativas. Con iso preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- . Conectar cos intereses e a motivación dos alumnos, facéndoos partícipes do seu futuro itinerario académico.
- . Favorecer as aprendizaxes globalizadas e funcionais en relación con outros ámbitos.
- . Ampliar a oferta educativa e as posibles vías de orientación.
- . Facilitar a transición á vida activa e adulta.

-Adaptación curricular

Trata de adecuar o currículo a un determinado grupo de alumnos ou a un alumno determinado. O grao desas modificacións determinará as características da adaptación, diferenciando entre adaptacións curriculares significativas e adaptacións curriculares non significativas:

- . Son significativas aquelas que eliminan contidos esenciais, así como obxectivos xerais que se consideran básicos nas diferentes áreas curriculares.
- . Son "non significativas" ou "reforzos" aqueles cambios que o profesorado introduce no seu ensino para dar resposta á existencia de diferenzas individuais ou dificultades de aprendizaxe transitorias no alumnado. Non eliminan contidos esenciais.
- . As adaptacións de acceso ao currículo considéranse non significativas, e son aqueles cambios materiais ou de comunicación que facilitan aos alumnos con necesidades educativas especiais desenvolver o currículo ordinario adaptado.

3) Niveis de actuación na atención á diversidade

Un suposto fundamental do Ensino Secundario Obrigatorio é atender ás necesidades educativas de todos os alumnos, pero estes alumnos teñen distinta formación, distintos intereses e distintas necesidades. Por iso, a atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria. A atención á diversidade ímola contemplar dende tres niveis: na programación de aula, na metodoloxía e nos materiais.

A programación de aula ha de ter en conta tamén que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao finalizar a etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos.

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse as diferenzas entre os alumnos. A falta de comprensión dun contido pode ser debido, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno, pode ser debido tamén, a que se avanza con demasiada rapidez e non hai tempo adquirir unha mínima comprensión, ou que o interese e a motivación do alumno sexan baixos.

A programación de aula debe ter en conta aqueles contidos nos cales os alumnos conseguen rendementos diferentes. Aínda que a práctica e a utilización de estratexias deben desempeñar un papel importante no traballo de todos os alumnos, o tipo de actividade concreta que se realice e os métodos que se utilicen variarán necesariamente de acordo cos diferentes grupos de alumnos; e o grao de complexidade e a profundidade da comprensión que se alcance non serán iguais en tódolos grupos.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades e facilitar recursos ou estratexias variados que respondan ás necesidades de cada un, e sobor de todo, daqueles alumnos con necesidades educativas especiais permanentes.

NECESIDADES NO NOSO CENTRO

Contémplase a necesidade de facer dúas ACIS en 3ºESO.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a saúde		X				
ET.2 - Educación afectivo-sexual	X					
ET.3 - Educación para a igualdade entre homes e mulleres				X	X	
ET.4 - Educación para a formación estética				X	X	
ET.5 - Educación para o respecto mutuo	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Educación para a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita guiada non CGAC, Centro de Arte Contemporáneo, para os cursos de 3ºESO e 4ºESO	Aún sin determinar.			
Sesión online: A arte contemporánea (CGAC)	Antes da visita guiada, farase unha sesión online introductoria sobre a arte contemporánea, aún sin data.			

Observacións:

A VISITA GUIADA NO CGAC:

-Terá lugar non horario de mañá

-Farase en dúas quendas, con dous grupos de aproximadamente 25 alumnos/as

A SESIÓN ONLINE:

-Co obxectivo de anteceder a visita guiada, facendo un acercamento a arte de actualidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1) Ter acadado en xuño, como mínimo: 80% de obxectivos e contidos , e mínimo un 60% de aprobados.
2) A conformidade do propio alumnado sobre a eficacia dos métodos empregados.

Descrición:

1) Ter acadado en xuño, como mínimo: 80% de obxectivos e contidos , e mínimo un 60% de aprobados.

A PROGRAMACIÓN dunha materia debe ser revisada e cuestionada a nivel interno durante todo o proceso de aprendizaxe. Os procedementos que se mencionan no presente apartado responden, polo tanto, á necesidade de manter un control do traballo realizado "durante todo o proceso".

-Avaliación inicial da programación: Readaptaránse aspectos da programación vixente tendo en conta a memoria do fin do curso anterior, na que se ofrece unha simplificación dos informes mensuais e un apartado específico de suxestións acerca de como mellorar a programación do curso seguinte.

-Avaliación da programación "durante o curso": Con informes mensuais de departamento nos que se tratan:

.Aspectos relacionados cos obxectivos, contidos e cualificacións

.Aspectos relacionados co espazo e material

.Aspectos relacionados co xeito de impartir clases

-Avaliación final da programación: Con Informe de fin de curso no que se tratan

.Unha simplificación dos Informes de Departamento Mensuais

.Unhas táboas de resultados obtidos polo alumnado a final de curso, achegando unha comparativa con anos anteriores

.Un apartado específico onde indicar "que cambios" se aconsellan para a programación do curso seguinte.

.Os devanditos "reaxustes" dependerán en boa medida de ter acadado en xuño, como mínimo: 80% de obxectivos e

contidos 50% de aprobados

2) A conformidade do propio alumnado sobre a eficacia dos métodos empregados.

Mediante consulta directa (ou anónima) e constante ao propio alumnado sobre a eficacia dos métodos, lograremos asegurar que a nosa METODOLOXÍA é o adecuada.

De non ser así, é necesario xerar cambios para adaptarse ás peticións dos nenos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1- Que avaliar?

a. A competencia docente

- Formación científica.
- Formación pedagóxica.
- Traballo en equipo e promoción do centro.

b. A intervención docente

- Clima da aula.
- Planificación curricular de unidades didácticas (obxectivos, contidos e actividades).
- Metodoloxía aplicada.
- Emprego de recursos e do tempo.
- Práctica evaluativa. Criterios de avaliación.

2- Como avaliar?

Cos instrumentos básicos de recollida de información utilizados, que son:

- Cuestionarios aos alumnos sobre a práctica docente.
- Autoavaliación do profesor. Reflexión dos resultados e propostas de mellora.
- Observador externo: gravacións, contrastar con outros compañeiros.

3- Cando avaliar?

A avaliación debe estar ligada ao proceso educativo, é dicir, que en certa medida debe levar a cabo de forma continua. Con todo, pode haber momentos especialmente indicados para a valoración da marcha do proceso:

- Antes, durante e despois de cada unidade didáctica.
- Trimestralmente, aproveitando que dispoñemos dos resultados académicos dos alumnos, é un bo momento para a avaliación dalgúns aspectos relacionados coa intervención na aula.
- Anualmente.

9. Outros apartados